



## "A novela ten un papel fundamental na recuperación da memoria das colectividades que non puideron contar a súa historia"

[Montse Dopico](#) domingo 21, abril 2013

Francisco X. Fernández Naval acaba de gañar o premio Irmandade do Libro á mellor obra do ano 2012 con *A noite branca*, unha novela que indaga nunha parte incómoda da historia: a participación de soldados españois, e dalgúns galegos, na Segunda Guerra Mundial do lado dos nazis. A orixe deste libro foi unha lata na que a madriña da nai do autor gardaba as cartas do seu fillo Alfredo, soldado da División Azul. Tras anos de procura da estrutura narrativa e de documentación histórica, aos que se engadiu unha viaxe polo percorrido da unidade española que serviu ao exército alemán no 1941, saíu *A noite branca*. Unha das mellores novelas dos últimos anos, segundo sinalou a crítica.

**Hai algunha conexión entre *A noite branca* e a túa anterior novela *O bosque das antas*, como nomes que aparecen nas dúas. Por que?**

Pois pola vontade de recuperar nomes, espazos... Quería ampliar e darlle máis perspectiva a un espazo que xa tratara literariamente. Por iso hai continuidade en personaxes como os de Claudio ou Encarnación.

**A técnica narrativa non é fácil: vanse alternando as voces... Por que optaches por esta estrutura?**

Falan en primeira persoa María Luísa, a nai de Alfredo, e Marcos, que é quen reconstrúe a súa historia e a do seu fillo. Despois hai 24 personaxes que narran o que lles ocorre a outros. Non foi dado dar coa estrutura axeitada para a novela. De feito pelexei moito con ese aspecto. Levaba xa dous anos dándolle voltas: un día dinlle un ultimato e entón pensei na estrutura que ao final levou, que creo que permite distinguir ben as voces. Pretendín ademais que se notase ben a diferenza, utilizando estilos distintos segundo quen fala. O narrador do fronte de batalla conta as cousas do modo máis obxectivo posible. María Luísa adopta un ton subxectivo, e Marcos dialoga con alguén, que pode ser o lector. E logo están tamén as cartas de Alfredo.

**María Luísa é unha muller moderna para o seu tempo, que procura o xeito de ser libre... Noutros libros teus aparecen mulleres así, como en *Para seguir bailando* ou mesmo no teu poemario *Suite dublín e outros poemas*.**

A memoria que se conserva dela é así aínda que, claro, había que crear un personaxe indo máis aló do que podía recordar dela miña nai. É certo que dar voz aos personaxes femininos é un traballo que me atraeu sempre especialmente. En *Os bosque das antas* Encarnación era un personaxe moi importante, e é verdade tamén que *Para seguir bailando* foi como un campo de experimentación para escribir *A noite branca*, pois xa daquela probei coa narración en múltiples perspectivas, coas voces simultáneas...

### **Xa estabas entón traballando en *A noite branca* cando escribiches *Para seguir bailando*?**

Si, porque *A noite branca* é resultado dun proceso moi longo, duns dez anos. Pasei moito tempo sen atopar o xeito de contar a historia. A lata coas cartas de Alfredo e as fotos -o inventario que dou da novela sobre o contido da lata é verdadeiro- apareceu polo 2003. Despois o proceso de documentación tamén foi longo, duns dous anos, e despois aínda busquei o modo de estruturala. Nese tempo fun escribindo outras cousas, como *Para seguir bailando*. A foto de María Luísa que aparece na portada do libro foi o primeiro que me moveu. Tiña as cartas de Alfredo, pero iso non conseguíu emocionarme igual que a foto.

### **E como apareceu a lata?**

Despois de falecer miña tía, meus curmáns atoparon a lata nun armario do baño. O meu curmán Ramón levoulla a miña nai. María Luísa era a madriña de miña nai, e Alfredo era seu curmán. Déronme a lata co encargo de que escribise unha novela, e a verdade é que saín da casa cun peso enorme enriba das costas, porque non me apetecía nin escribir sobre a guerra nin, moito menos, sobre a División Azul. Pero así foi, despois púxenme...

### **E escribiches a que se cadra é a túa mellor novela. Non é doado entender a Alfredo: cal é o motivo polo que un mozo dunha familia de esquerdas se alista voluntario na División Azul.**

É un personaxe un tanto escuro, si. Hai que ter en conta que era fillo da súa nai pero non do seu pai, que lle morreu un irmán... Ninguén acaba de explicarse como marchou coa División Azul. Non era falanxista, e de feito non aparece nos rexistros da Falanxe. Pero polas circunstancias: a razón económica -porque lle pagaban a seus pais en plena posguerra-, a contorna social... puideron levalo, como levaron a moitos outros. Cando recibín o expediente militar de Alfredo comprobei que non se alistou ata o último día de prazo, así que non intúo demasiado entusiasmo nel pola causa fascista. Tamén é certo que houbo moitos mozos de familias de esquerdas que se meteron no exército para purgar o "pecado" das súas familias.

### **Non é Alfredo o único personaxe que se atopa nesas circunstancias. Tamén Mijail acaba do lado dos fascistas por unha serie de casualidades, ou Katia.**

É o que pasa cun conflito como a Segunda Guerra Mundial, que muda a vida de todo o mundo. Yuri, Katia e Mijail son personaxes reais, dos que falaba Roque, que foi masaxista do Club Deportivo Ourense, e que contaba que tiveran aos tres como prisioneiros de guerra, e que axudaban na cociña. O que conto sobre o batallón tampouco é inventado: documenteime con axuda do historiador Núñez Seixas, e cos diarios de guerra de Román, que era o comandante. O exército de terra alemán tiña uns diarios nos que anotaba o que pasaba en todas as unidades, todos os batallóns... Cando Marcos fala ás veces estou transmitindo o que din os diarios.

### **E iso é o que nos contan tamén eses 24 personaxes, voces que falan a través de outras.**

Son personaxes distintos, e para construílos apoieime na xente que coñecín na viaxe que fixen en autocaravana percorrendo o mesmo camiño que fixo a División Azul no 1941. No certificado

de servizos de Alfredo está o nome das batallas nas que se distinguiu e, claro, eu tiña que ir alí. A verdade é que tiña reparos en contar escenas de guerra. Eu vin moito cinema bélico e tiña medo de acabar facendo un refrito de películas de guerra. Por iso tratei de documentarme ben: como loitaban os rusos e os alemán... Non quería traizoar as emocións que pode sentir un soldado, e eu nunca estiven nunha guerra así que tiña que averiguar como se sentían... O de poñer eses 24 personaxes como elementos intermedios entre os soldados e o narrador foi un xeito de conseguir un distanciamento, sen perder a emoción. Son personaxes que contan o que ven.

### **E fano desde os dous bandos en guerra...**

Si. Decateime de que era tamén un xeito de adoptar unha perspectiva calidoscópica sobre a Europa daquel tempo. Son nenos, soldados e civís rusos, xudeus polacos, exiliados, guerrilleiros... Eu non quixen facer ningún xuízo: iso correspóndelle ao lector. O que quería era ocuparme dun dos aspectos silenciados da historia, que é a División Azul. Para min a novela ten un papel fundamental na recuperación da memoria das colectividades que non puideron contar a súa historia. E sobre a División Azul houbo moitos silencios porque apoiaron ao exército que perdeu a Segunda Guerra Mundial, e que aínda por enriba era nazi. Pero eu non quero vulgar a soldado ningún, conto o que pasou e xa está. Hai que ter en conta, ademais, que na División Azul non había só falanxistas. Tamén había presos republicanos, e xente que quedou atrapada e que tardou décadas en volver. Só quero, se cadra, axudar a tender a man para que cicatricen as feridas. Por suposto que hai que condenar os fascismos, pero tamén saber que cada persoa tivo as súas circunstancias.

### **Na novela cóntase tamén, a través de María Luísa, o que acontecía aquí mentres Alfredo estaba na Segunda Guerra Mundial. Por iso é tamén unha novela sobre a represión da posguerra española. Claudio, o tío de Alfredo, é guerrilleiro...**

Hai un dobre xogo na novela, si, entre o local e o universal. O fronte do Leste, no que había miles de persoas movéndose: soldados, fuxidos, exiliados... Alí xogábase o futuro da humanidade, e o que alí acontecía tiña repercusións no local. Claudio vén de *O bosque das antas*, e aquí engadín o expediente do seu consello de guerra.

### **María Luísa marcha para Cuba para reunirse co seu home estando embarazada de Alfredo, que era fillo doutro. E alí atopa un mundo moito máis libre.**

Hai unha emigración galega a Cuba moi importante nos trinta primeiros anos do século XX. O campo galego transfórmase nese tempo, e parte da modernización chega desde alí. María Luísa emigrou a Cuba de verdade, e non lles ía mal a vida alí. Desde logo moito mellor que aquí. Foi cando se construíu o Centro Galego da Habana, que facía festas na que chegaron a bailar 1.200 parellas. Impresiona imaxinalo.

### **Estableces, ademais, un paralelismo entre a Segunda Guerra Mundial e a guerra de Estados Unidos contra Afganistán. O mesmo absurdo, a propaganda estatal falsa...**

Saúl, o soldado que está en Afganistán, é un personaxe inventado, pero inspirado nun mozo de Ourense que morreu en Afganistán. Porque segue a ser igual: soldados que loitan, e ás voces morren, en guerras que non entenden moi ben. En guerras que poñen como escusa a defensa da democracia para protexer intereses económicos, como a de Afganistán. Parece que non conseguimos aprender certas leccións.